

Declaración institucional relativa á defensa dos postos de traballo e do futuro industrial do grupo Losán en Galicia

O Grupo Losán, a través das sociedades Losán Servicios Generales, Industrias Losán, Aserpal e Cometa, constitúe un dos principais referentes industriais do sector da madeira en Galicia, con especial implantación na provincia da Coruña, especialmente nos concellos da Coruña, Curtis e Vilasantar.

Estas empresas empregan de xeito directo arredor de 200 persoas traballadoras só en Galicia, xerando ademais unha importante cantidade de emprego indirecto vinculado ao transporte, á subministración de materias primas e a múltiples actividades auxiliares, cun impacto económico e social moi relevante na provincia da Coruña e, de maneira especial, nunha bisbarra historicamente castigada pola escasa actividade industrial e pola falta de oportunidades laborais estábeis.

Nos últimos anos, o Grupo Losán vén atravesando unha situación económica extremadamente grave, que está a ter consecuencias directas sobre o persoal, materializadas en atrasos reiterados no cobro das nóminas, impagos de pagas extraordinarias e incumprimentos do convenio colectivo. Esta situación está a poñer en risco a cont inuidade da actividade produtiva e a estabilidade laboral de centos de familias.

Cómpre lembrar que se trata dunha empresa que recibiu múltiples axudas públicas ao longo da súa traxectoria recente, incluíndo operacións de rescate e apoio financeiro con fondos públicos, o que reforza a obriga das administracións de velar polo mantemento do emprego, polo uso social responsable destes recursos e pola viabilidade real do proxecto industrial.

O persoal afectado, a través da súa representación legal, iniciou mobilizacións e accións legais lexítimas para defender os seus dereitos laborais, o cobro das cantidades debidas e a garantía de futuro das fábricas. Trátase dunha loita xusta, baseada na defensa do traballo digno, da actividade produtiva e do tecido industrial do país.

Por todo o anterior, resulta imprescindible unha resposta coordinada, tanto empresarial como política, que vaia máis alá de solucións conxunturais e que aposte decididamente pola modernización, reactivación e viabilidade das plantas industriais, garantindo os postos de traballo existentes.

Por todo o exposto, os grupos provinciais que suscriben esta declaración institucional apoian os seguintes acordos

Primeiro. Manifestar o seu apoio explícito ao persoal de Losán Servicios Generales, Industrias Losán, Aserpal e Cometa na súa loita pola defensa dos seus postos de traballo, polo cobro íntegro das cantidades pendentes e pola continuidade da actividade industrial.

Segundo. Instar á dirección do Grupo Losán a presentar unha solución empresarial seria, viable con garantías reais, que asegure o mantemento do emprego, a modernización das instalacións e a reactivación produtiva das fábricas situadas en Galicia.

Terceiro. Solicitar ás administracións públicas competentes, nomeadamente á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado, que se impliquen activamente na busca dunha solución política e industrial que permita garantir o futuro destas empresas, condicionando calquera apoio público ao mantemento do emprego e ao cumprimento das obrigas laborais.

Cuarto. Comprometerse, no ámbito das competencias provinciais, a prestar todo o apoio institucional necesario ao persoal e ás iniciativas que contribúan a asegurar a continuidade destas fábricas, consideradas vitais para o desenvolvemento económico e social da provincia.

Quinto. Dar traslado deste acordo á representación legal das persoas traballadoras, á dirección do Grupo Losán, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.